



Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - PMTD	
Número expediente:	Documento:
CON/11/2024	CON18I06T
5J456H3I1P002Y380UJL	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A xefa do Servizo Sociocomunitario mediante informe de data 22 de xaneiro de 2024 xustificou a necesidade e idoneidade da contratación do servizo de desenvolvemento de accións formativas de permiso de condución, documento do que se deixa constancia, entre outros dos seguintes extremos:

1.- DESCRICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do contrato a realización de accións formativas de permiso de condución, dentro do programa municipal de formación.

O artigo 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. Neste caso non se considera conveniente dividila en lotes atendendo ás particularidades e especificidades das accións. A división dificultaría a coordinación técnica dado que se incrementaría o tempo e as xestións necesarias para un correcto seguimento da execución do contrato. Por outro lado, un contrato único permite reducir o coste da realización das accións formativas. Desta forma se garante unha maior calidade na execución das accións.

Accións formativas:

Permiso de condución C+E con CAP inicial de mercadorías (1ª edición)

Permiso de condución C+E con CAP inicial de mercadorías (2ª edición)

Permiso de condución D con CAP inicial de viaxeiros/as (1ª edición)

Permiso de condución D con CAP inicial de viaxeiros/as (2ª edición)

2.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE QUE SE PRETENDEN CUBRIR CO CONTRATO PROXECTADO

O art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece as materias nas que os concellos exercerán competencias.

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, pretende clarificar as competencias da administración local, para evitar os problemas de solapamentos competencias entre Administracións, aos que daba lugar a aplicación da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



A Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivada da entrada en vigor da Lei 27/2013, aprobada polo Parlamento de Galicia, na exposición de motivos recolle que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local.

O art. 3.3 da Lei 5/2014, establece que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

No marco de colaboración con outras administracións, o Concello de Narón ven realizando, dende hai máis de 20 anos, intervencións coas persoas desempregadas e con poucos recursos, a través de distintas accións en materia de formación e empregabilidade, dende unha perspectiva integral e polivalente, xa que o Servizo Sociocomunitario, tal como indica a normativa, non só fai atención social senón sociolaboral, fixando os distintos itinerarios personalizados ás persoas usuarias.

O gran beneficio que representa para a poboación desempregada de Narón fronte ao mínimo gasto que ten que asumir o Concello, obriga a este a continuar coa súa atención prioritaria á cidadanía mais necesitada, como é a poboación sen emprego e sen unha formación adecuada para asumir unha competencia profesional.

Con este contrato se pretende asentar a formación básica que se prevé que vai ser necesaria no Concello de Narón.

3.- IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACER AS NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE.

Xustificación:

A formación é unha das bases da empregabilidade das persoas, xa que mellora as súas competencias e cualificacións, facéndoa máis competitiva no mercado laboral e servíndolle de promoción social na maioría dos casos, diminuíndo as posibilidades de caer na exclusión social.

Por outro lado, o Concello de Narón tampouco conta con persoal especializado para realizar estas accións formativas, polo que ineludiblemente debe contratar a docencia con empresas especializadas no desenvolvemento destas accións formativas e que contén coas garantías suficientes para acometer con éxito esta necesidade que temos.

4.- IMPORTE MÁXIMO DE LICITACIÓN E PERÍODO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO:

O importe máximo de licitación da acción está establecido en base a o prezo/hora do mercado para esta especialidade. As cantidades reflectidas nas táboas seguintes están expresadas en euros.

DENOMINACIÓN DAS ACCIÓNS	ANO DE REALIZACIÓN	ALUMNADO	NÚMERO DE HORAS	NÚMERO DE HORAS DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS	PREZO/HORA	ORZAMENTO TOTAL POR ACTIVIDADE (sen IVE)	PERÍODO APROXIMADO DE EXECUCIÓN
Permisos de conducción C+E con CAP inicial de mercadorías	2024	10	250	0	39,99€	9.997,50€	Abril
Permisos de conducción C+E con CAP inicial de mercadorías	2025	10	250	0	39,99€	9.997,50€	Abril
Permisos de conducción D con CAP inicial de viaxeiros/as	2024	10	250	0	39,99€	9.997,50€	Abril
Permisos de conducción D con CAP inicial de viaxeiros/as	2025	10	250	0	39,99€	9.997,50€	Abril
TOTAL						39.990,00€	

TOTAL LICITACIÓN: Orzamento 39.990,00€

Aplicación orzamentaria: 2410/22799

Polo exposto e de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, esta alcaldía resolve:

PRIMEIRO.- Que se inicie o expediente para a adxudicación do contrato de servizo denominado desenvolvemento de accións formativas de permiso de conducción.

SEGUNDO.- Que se emitan os informes legalmente establecidos e se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o procedemento de adxudicación.

TERCEIRO.- Que o secretario xeral emita o preceptivo informe sobre a adecuación á lexislación vixente do expediente e que a interventora realice informe de fiscalización previa.

Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)